ANO XV • Nº 459
Do 29 de Maio ó 11 de Xuño de 1995
Vintecinco pesos

IRIMIA

REVISTA QUINCENAL DE CRENTES GALEGOS



EDITORIAL

Políticos en campaña

A campaña, ese enorme espectáculo, parece transformar ós líderes políticos, especialmente os asesorados políticos de sona e presupostos multimillonarios de polémica procedencia.

Pero poucas cousas hai máis artificiais ca unha campaña electoral ó uso. Poucas, tamén, máis caras e inútiles. O político-actor, o líder-cosmético está coma peixe na auga: vai ó centro de vellos no que nunca vivirá, enlama os lustrados zapatos de deseño italiano polas corredoiras, apreta a man das peixeiras do mercado que nunca pisa. Na campaña vale todo. Estamos na sociedade da imaxe. Eles sábeno. Dominan *os medios*. E nesa concepción da política o fin son *os medios*.

Pero esa auga non vai polo rego do que entende a política coma servicio ás clases populares. Poucas cousas menos queridas para o militante honesto ca esa dramatización agresiva, na que che obrigan a busca-las discrepancias mesmo onde non existen, na que hai que presionar á xente para que a presión non veña só dunha banda, na que tes que converte-las túas propias dúbidas en rotundas certezas.

Efectivamente hai partidos de primeira e de segunda. Falamos de cartos. Despois dos asuntos FILESA e Naseiro, hai moitas preguntas que contestar. ¿Hai igualdade de oportunidades nunha campaña electoral? ¿Inflúe a campaña na decisión final? Se a campaña é decisiva, a igualdade é mentira, a democracia está deturpada: só habería igualdade cunha radical igualación de orzamentos, espacios televisivos, etc. Se a campaña a penas decide o voto dun cinco por cento de indecisos ¿como se xustifica todo ese gasto e a dinámica de corrupción que produce?

Despois está a trampa do *ámbito territorial*. Se o partido é estatal está presente en tódolos medios: na radio e televisión española, nas privadas, na galega... pero se é un partido nacionalista galego, tense que conformar coas emisoras do país. Xa non digamos se é unha candidatura exclusivamente local. Ó remate o número de mensaxes que recibe un cidadán a favor dun ou doutro tipo de candidaturas é escandalosamente distinto.

O demais foron anécdotas. Aínda que, algunhas, significativas. Así, esa teima en furta-lo debate dos asuntos locais -en Galicia as eleccións eran só para Concellos e Deputacións-, e converte-las eleccións nun curioso enfrontamento entre un P.P. con aire de gobernante asentado na Moncloa e un PSOE en cruzada para a recuperación de preferencias perdidas. Ou ese esvarón sintáctico dos *galeguizadores* do PSOE con iso *de porque trátase da túa cidade*, arremedando a aquela empresa de fertilizantes que nos dicía hai anos *desque bótolle*. Ou eses *verdes* facendo a propaganda en castelán como se a contaminación fose só atmosférica. Etc.

O TRASNO

Daniel López Muñoz

Pola Igrexa ou polo civil, esmorga infantil

Seica aqueles primeiros intentos de bautizos e primeiras comuñóns *polo civil* non acaban de callar. No templo búscase o escenario, a solemnidade, a pompa precisa para que neno ou nena non se fagan menos ca ningún outro, faltaría máis. Ademais, oes, facelo con cura e demais adornos, a penas encarece, que con mil pesos quedas coma un rei. E a Igrexa, demasiada Igrexa, encantada co troco este de cerimonión con vídeo e órgano a cambio de cliente por un día, ou, con sorte, por un ano.

E o choio ten bemoles porque desbarata non só unha posible orientación comunitaria e consecuente do traballo parroquial, senón porque, sobre todo, desbarata o orzamento familiar. Claro, despois non lle vaiades pedindo ás mulleres que pairan, que cada ritual destes, vestidiño, video-reportaxe, restaurante, etc... non baixa do medio quilo tirando polo baixo. Tanto é así que xa se tivo que interesa-la Organización de Consumidores, por aquilo de que pidamos presupostos en varios hoteis e que miremos ben pola relación cualidade-prezo, non sexa que na comuñón acabemos comendo os... restos dos anteriores.

Contabamos esoutro día que, ademais, agora é un primor ve-los cativos estes nas paparotas infantís. Todo cheo de globiños, confetis, plásticos, celofáns e demais residuos en potencia. Mesmo hai sitios con pallasos e animadores para que os pais, e mesmo as nais, non teñan que preocuparse da súa felicidade. E despois, velos entrar, meus anxiños, e sen chegaren a sentar xa empezan a arrepaña-las cousas da mesa. Pero non para comelas, iso era antes, noutros tempos, senón para guindalas ó de enfronte, que iso sí que é ***díver,*** e veñan a voar os canapés, os pasteliños de nata, e veña a encesta-lo embutido nos vasos con cocacola, sen cafeina, por suposto -non se vaian excitar, pobres-. Todo o máis poñerse morados con fritos e refritos de paquetes de colores con nomes absurdos e a beber enlatado ata arrotar de noxo para, daquela, pasar a facer mesturas nauseabundas nos vasos que acabarán emporcando o mantel.

¡Ai! Agora si que son felices os nenos e nenas e non antes cando se pasaba tanta gana de ter o que non se tiña. Isto si que son comuñóns. Un auténtico sacramento -símbolo, representación- da sociedade que construímos nesta parte do planeta.

IRIMIA

FEITO EN PAPEL RECICLADO

EDITA: Empresa periodística A IRIMIA.
DIRECTORA: Carmen Puente Fernández, 15705 C/ Pombal, 30 (Santiago) Telf.: 585330.
MESA DE REDACCIÓN: Darïel López Muñoz, Xosé Chao Rego, Carmela Capeáns Leis, Mariano Guizán Sánchez, Luciano Pena Andrade, Manolo Regal Ledo, Beatriz García Turnes, Manoli Paz Baña, Pedro Pedrouzo Devesa, Carme Fernández García.
COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Xosé A. Miguélez, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tereixa Ledo, Colectivo "A Rella" (Antonio Fdez. Oca, Eliseo Miguélez, Constantino Mariño, Tonecho Meixide Fdez.) Juan Antonio Pinto Antón, Francisco Carballo, Tintxu, Miguel Anxo Araújo, Xavier R. Madriñán, Lois Ferradas, Madó Domínguez, Xesús Ferro Ruibal, Moisés Lozano Paz, Clodio González Pérez, Mando R. Bermejo.
SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN: Apdo. 980 - Santiago de Compostela.
Telf.: 981 - 59 01 42 (De 3 a 5). Subscrición Ordinaria: 2.000 pts. Real: 3.000 pts. De Apoio: 5.000 pts.
CONTA: Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana nº 8 - Santiago
Caixa Postal CC/1302-6000-83-0017905488
DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **IMPRIME:** Imprenta Minerva

Pensando na primeira comuñón

SILVIA (filla): Avoa, ¿sabes que?, díxono-lo cura que o día de Corpus habiamos face-la Primeira Comuñón. E eu estou moi contenta.

TOÑA (avoa): ¿Si? ¡Que ben! Pois xa sabes que eu che hei merca-lo traxe. E-la miña netiña, e heite honrar ben honrada.

SILVIA: Xa, pero díxome a mamá o outro día que non ía levar traxe, que ía levar unha roupiña bonita, pero unha roupiña coma a de tódolos días.

TOÑA: Muller, non será tal. O día da Primeira Comuñón é o día da Primeira Comuñón. ¿Ti non querías levar traxe?

SILVIA: Eu quería, pero a mamá díxome que non , e explicoumo.

TOÑA: ¿Explicoucho? ¿E que che explicou logo? Porque non sei eu qué explicación ten iso.

SILVIA: Pois díxome que a Primeira Comuñón non era para facer un teatro, que era para recibi-lo agarimo de Deus no Pan da Misa, e que para iso non facía falta ir vestida de nada raro.

TOÑA: Neniña, claro que non é para facer un teatro, pero porque te poñas bonitiña, de branco e de longo, non fas teatro ningún. Claro que eu, cando fixen a Primeira Comuñón, nin de branco nin de nada, unhas zoquiñas chinelas e tira para adiante.

SILVIA: ¿Aínda o recordas? Tamén me dixo a mamá que a Comuñón era como para ser amiga de Xesús, e que a Xesús lle gustaba que respectasemos moito ós máis pobres.

TOÑA: ¿E que ten que ver iso? Ti

podes respectar ós máis pobres e ir vestida igual de branco.

SILVIA: Non, que se vou de branco, todos queren ir de branco, e hai algúns que non poden ir de branco, e ó mellor fan cousas parvas para ir de branco.

TOÑA: ¡Bová, bová!, a túa nai...

SILVIA: E mira, aínda me dixo tamén que, se tiñamos cartos, era mellor darllos a un pobre ca gastalos en cousas que van quedar aí tiradas.

TOÑA: ¡Vaia por Deus, neniña, vaia por Deus! Pero ¿ti quería-lo traxe ou non quería-lo traxe?

SILVIA: Eu si que o quería, pero como a mamá di esas cousas...

TOÑA: Anda, que xa falarei eu coa túa nai, porque, se non che regalo o traxe, ¿que che hei regalar?

SILVIA: Non sei, pódesme regalar igual o vestido bonito que hei levar no seu canto; pódesme regalar aqueles libros de debuxar que nos viñeron ensina-lo outro día; pódesme regalar calquera cousa. O que máis quero é que veñas comigo ese día; ¿has vir?

TOÑA: Neniña, ¿e aínda mo preguntas?

Levados polo vento

Domingo de Pentecoste
Xn 20,19-23 — 4 de xuño

O Espírito de Deus é coma un vento poderoso que nos arrastra -se nós nos deixamos arrastrar- cara á terra da fraternidade. Ese Espírito actúa sempre sorprendentemente desde os pequenos, desde os marxinados, desde os mesmos pecadores.

Xesús viviu con ese Espírito. Xesús transmitiunos ese mesmo Espírito. Ollando para nós mesmos e ollando para a xente que nos rodea, comprobamos que o Espírito está vivo entre nós.

* * *

Deus é familia

Domingo da Santísima Trindade
Xn 16,12-15 — 11 de xuño

De Deus sabemos pouco; pero o que sabemos é o suficiente como para que sigamos buscando. O que sabemos de Deus sabémolo principalmente porque houbo grandes homes e mulleres de Deus que o viviron e que nolo ensinaron.

O que sabemos de Deus apunta a que Deus é amigo da unión, do entendemento, de andar en grupo, de facer familia, pobo. Deus é Trinitario, Deus é multitudinario. Tódalas marxinacións arrédannos de Deus.

O SECTOR FORESTAL ocupa o sesenta por cento da superficie da Costa da Morte, da que por certo no que vai de ano xa arderon máis de mil oitenta hectáreas de monte...Agora, a *Asociación Neria*, que preside o Alcalde de Corcubión, Rafael Mouzo, (na fotografía), está a estudia-la producción de enerxía e calor a partir da biomasa forestal; as empresas eléctricas da zona estarían obrigadas a comprar este tipo de enerxía, para o que están decididos a instalar un cooxenerador e a buscar investimentos para este proxecto.

FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS CULTURAIS GALEGAS

Rúa Emilia Pardo Bazán, 25-2º. 15005 A Coruña. Tlf./fax: (9) 81 - 24 43 55

O ENCONTRO EURO-SUR, organizado polos centros culturais do sur de Europa, vai ter lugar en Compostela entre o catorce e o dezaoito de xuño. Estudiaranse as identidades culturais e a cooperación entre elas a través de xuntanzas e tamén de actividades culturais. Os actos terán lugar no Museo do Pobo Galego, e para apuntarse hai que facelo na Federación de Asociacións Culturais antes do cinco de xuño.



VINTEOITO ALCALDES abandonaron os seus postos na pasada lexislatura, trece deles debido a mocións de censura e dous por imposición xudicial. Mentres tanto continúa a campaña electoral na que as máis de corenta candidaturas "independentes", desenganchadas moitas delas do PP aparentemente, van se-la chave de moitos concellos... O BNG segue a medrar nas expectativas de voto e os socialistas non queren saber nada dos seus xefes de Madrid.

NO "DÍA DO MEDIO AMBIENTE", cinco de xuño, queremos homenaxear á *Asociación Ridimoas*, con sede no Instituto de Ribadavia, e que está a recupera-lo monte do mesmo nome no concello de Beade. Dun xeito fermoso están recuperando todo un ecosistema fundido polo lume, e mesmo adquirindo máis hectáreas co mesmo fin.

IRIMIA

XORNADAS DE CONVIVENCIA E RETIRO

No verán deste ano IRIMIA convoca de novo a uns días de retiro comunitario. O lugar é a casa de encontros que a parroquia do Cristo da Victoria de Coia-Vigo ten no concello de Fornelos de Montes.

Comezaría o venres 11 de agosto, para remata-lo 16. Terán o mesmo estilo que xa vai facendo tradición: autoxestionado e autofinanciado; con espacios e tempos para a oración, a celebración e o intercambio; admitindose xentes de tódalas idades;... Estarán animadas por Xosé A. Miguélez.

Ir reservando praza nos teléfonos:

Polas mañás: 981-10 54 44 (Jesús)

Polas noites: 982 - 16 89 43 (Tereixa)

AÍNDA ESTAMOS A TEMPO de participar na campaña de *Intermón*: "Ponte en marcha coa poboación refuxiada do planeta", mandando tarxetas postais ó presidente Felipe González, urxindo o cesamento de vendas de armas ós países do Terceiro Mundo. Este negocio é moi escuro, pero sábese que España ocupa o posto once entre os vendedores de armas e o catorce entre os vinte con máis gasto militar. Cada xornada adícanse trescentos mil millóns de pesetas a armas para matar.

HAITÍ CELEBRA ELECCIÓNS lexislativas o catro de xuño. Aristide está a construí-la democracia, aínda moi fráxil no país máis pobre de Occidente. Os matóns do vello réxime aínda están a facer falcatruadas. Iso que nestes meses foron confiscadas máis de trinta mil armas de grupos paramilitares. A violencia e a pobreza son as grandes desfeitas do que un día foi o primeiro en estrea-la independencia daquel continente.



A CIDADE CON MÁIS ÁRBORES ben pode ser Vigo, na que nos últimos dez anos xa se plantaron máis de sesenta mil árbores e miles de arbustos e outras plantas. Celebramos isto cando nos achegamos ó Día do Medio Ambiente. Botamos de menos que non se planten máis árbores autóctonas, aínda que houbo un labor de recuperación de árbores centenarias, sobor de todo das típicas camelias que fan de Vigo unha mostra dos mellores exemplares.

AS IDEAS XENÓFOBAS están a medrar en Europa o mesmo ca en Estados Unidos. A extrema dereita chegou a acadar en Francia o vinte por cento nestas eleccións; en Austria supoñen a cuarta parte dos votantes; en Italia os herdeiros do neofascismo son o trece por cento; en Dinamarca e Bélxica soben do seis por cento, mentres que en Alemaña non chegan ó cinco por cento.

MASSÓ, con cento oitenta anos de historia, está ferida de morte, e os seus trescentos trinta traballadores sen cobrar dende hai moitos meses. A conserveira de Cangas sufriu tamén as restriccións dos mercados da UE, baixando dun xeito alarmante as súas vendas; agora estáse a buscar capital e solución pola parte da Xunta e dos traballadores. Unha mostra máis da desfeita económica que está a sufrir Galicia.

MÁIS VOTANTES E MENOS CONCELLAIS que nas últimas municipais, xa que poden participar cen mil cidadáns, máis aínda que, debido ó descenso da poboación, elixiranse uns setenta concelleiros menos. Só Oleiros contará con catro concelleiros máis, mentres que na provincia de Ourense chegarán a perderse cincuenta e nove. Lugo é a que perde máis votantes: trescentos trinta e nove, mentres que a provincia da Coruña gaña sesenta e tres mil.

SARGADELOS

GALERIAS DE ARTE
LIBROS
CERAMICA

- 27891 CERVO (Lugo)
  Teléf.: 982 - 55 78 41
  Fax: 982 - 55 78 04
- O CASTRO DE SAMOEDO
  15168 Sada (A Coruña)
  Teléf.: 981 - 62 09 37
  Fax: 981 - 62 38 04
- Rúa Nova, 16
  15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
  Teléfs.: 981 - 58 19 05 / 58 18 88
- Provenza, 274
  08008 BARCELONA
  Teléf.: 93 - 215 01 79
- Zurbano, 46
  28010 MADRID
  Teléf.: 91 - 310 48 30
- Habana, 20
  32003 OURENSE
  Teléf.: 988 - 37 09 26
  Fax: 988 - 37 09 28
- Dolores, 55
  15402 FERROL
  Teléf.: 981 - 35 37 14
  Fax: 981 - 35 37 16
- Pza. Sto. Domingo, 4
  27001 LUGO
  Teléf.: 982 - 22 78 04
  Fax: 982 - 24 49 13
- Dr. Cadaval, 24
  36202 VIGO
  Teléf.: 986 - 220050
  Fax: 986 - 22 0474

POLÍTICA

A folga dos médicos

Por Tintxu

Os médicos dos hospitais están mal pagados. Iso pódese entender en comparación con outros profesionais de rango silitar, sobre todo cos que exercen profesións liberais. Os soldos dos médicos son, sen embargo, comparables ós deses mesmos profesionais cando exercen as súas funcións na Administración ou nas grandes empresas ou equivalentes ós profesores universitarios. Por outra parte cómpre ter en conta que estes profesionais da medicina perciben complementos salariais por conceptos coma dedicación exclusiva que boa parte deles non cumpren, xa que complementan os ingresos co exercicio privado da súa profesión.

Dito o anterior, é evidente que estes profesionais teñen dereito a pedir melloras salariais e a defender tal demanda por medio da folga. O que resulta xa máis discutible é meterse nunha folga indefinida: o normal é empezar por paros parciais, folgas de varias horas, xornadas de paro illadas ou de dous ou tres días.

Por iso a poboación, os "pacientes" dobremente neste asunto, entende mal esta actitude dos profesionais da medicina e tampouco non admite que a Administración non impoña uns servicios mínimos máis completos: cando un pensa nos niveis de cobertura que se aplican nunha folga de televisión ou do transporte aéreo. Unha folga no sector sanitario afecta a un servicio esencial e do que fai uso a totalidade da poboación.

A importancia do asunto e a responsabilidade destes profesionais faise máis relevante se considerámo-la conducta dos especialistas que dedican o mellor dos seus esforzos -agora, durante a folga, pero tamén o resto do ano- ás súas actividades privadas. ¿Quen non sufriu a experiencia dunha atención fría e reservada dun profesional que tarda meses en atender un enfermo no hospital e está disposto a tratalo con plena dedicación en menos dunha semana na súa clínica privada? Desgraciadamente non son casos raros estes, e boa parte das listas de espera dos hospitais ou das aglomeracións diarias teñen que ver con este tipo de conductas dos médicos.

Por iso todos podemos comprender que os médicos pidan ser mellor pagados. Pero sobre todo se a dedicación ó hospital que teoricamente teñen se cumpre realmente. Porque desgraciadamente a maioría dos pacientes non ven tal dedicación nos médicos do sistema público de saúde. Aínda que sexa moi humano non é, desde logo, ideal a actitude dos que pensan: para o que me pagan traballo dabondo; moitos poden tamén dicir, para o que traballas páganche dabondo.

10 anos de camiño, unha vida de esperanza

Con este lema xuntámonos este ano ó redor de 300 labregos galegos na vila pontevedresa de Rodeiro para celebra-lo día do San Cidre, patrón dos labregos. Fixémolo o día 13, anque propiamente o día de San Cidre sexa o 15 de maio.

Unha xornada que xa ten historia

Como o indica o lema deste ano, van alá xa 10 anos que o Movemento Rural Cristián de Galicia vén organizando esta xornada festiva, de encontro. Fora en Melide, no ano 1985, cando se lle dera comezo a unha longa rolda de celebracións, que se foron espallando por todo o chan galego. Logo viñeron Galegos, Mondoñedo, Hospital de Pedrafita, Saa, e así ata completa-lo percorrido de 11 San Cidre co do presente ano.

A acollida de Rodeiro

Algúns anos celebrouse o San Cidre naquelas parroquias onde había xente do Movemento Rural, que garantise a organización do mesmo. Outros anos recorremos a persoas que, non sendo do Movemento Rural, estiveron dispostas a acollernos e a ofrecérno-la súa parroquia, os seus espacios, a súa capacidade organizativa, o seu tempo, o seu corazón, para que entre todos puidesemos celebrar unha festa labrega sinxela, fraterna, cristiá. Tal pasou este ano co cura e cun grupo de veciños da parroquia de Rodeiro, ós que lle quedamos fondamente agradecidos.

O fío dunha xornada

Nas primeiras horas da mañá xa os veciños de Rodeiro estaban dispostos a acollernos e agasallarnos. Adoviaran estupendamente o ximnasio do grupo escolar no que nos iamos xuntar, e incluso os arredores do mesmo.

Alí, no ximnasio, foi o encontro da mañá. presentáronse os diferentes grupos do Movemento Rural chegados dos catro recantos de Galicia, e preséntannos tamén o pobo e a bisbarra de Rodeiro. Logo foi a celebración da Eucaristía, leda, participada, na que todos nos sentimos máis un nas fontes da unidade.

Despois chegou o xantar compartido nunha carballeira

marabillosa, onde ademais puidemos bailar ó son dos gaiteiros da vila e dos de fóra, participar nunha función de teatro creado adrede para a ocasión, e degustar unha boa queimada do Costa.

Polo medio de todo isto, os saúdos de xentes que xa nos imos facendo amigos a forza de nos reencontrar cada ano na mesma festa; e cos saúdos, as conversas, o comenta-las vidas, o desfrute das mellores gracias e dos mellores bocados de cadaquén.

E logo xa o remate, a volta as casas, iso si, con máis e mellores ganas de seguir vivindo a nosa vida labrega, que cada día queremos facer máis digna e máis completa diante dos veciños e diante de Deus.

Movemento Rural Cristián Galego

AVENTURAS DE SAN ROMERO (1)

Cando aínda non f

María López Vigil escribe un fermoso libro: Piezas para un retrato de Monseñor Romero. Edítao o Comité de Solidariedade Óscar Romero de Vigo. Aconsellámo-la lectura deste libro de anécdotas, especie de ***Florecillas*** *do bispo mártir, e aquí incluímos algunhas delas para abrir apetito.*



San Óscar Romero, mártir e defensor dos pobres.

Un pequeno inquisidor

O día 22 de febreiro de 1977 coñeceuse a mala notica de que Óscar Arnulfo Romero fora nomeado arcebispo de San Salvador. Houbo bágoas e rebeldía en todo o territorio salvadoreño. Era o candidato da oligarquía terratenente e do exército. Xa fora bispo auxiliar de San Salvador dende 1967 a 1974. Velaquí o testemuño de Salvador Carranza:

Caíame mal. Era un ser insignificante, unha sombra que pasaba pegada ás paredes. Dende que chegou a San Salvador, o padre Romero decidiu ir aloxarse ó seminario de San Xosé da Montaña, a saber por que razón. Alí viviamos nunha comunidade de xesuítas. Pero el nunca xantaba nin ceaba nin almorzaba con nós. Baixaba ó comedor a outras horas para non encontrarnos. Era claro que nos esquivaba. Que chegaba ó seminario cargado de prexuízos.

Das súas preferencias pastorais fálanos Guillermina Díaz: *"El case que era un ninguén para a nosa comunidade. ¿Que sabiamos entón daquel monseñor Romero? Que era aliado de damas ricas e que andaba bendicíndollelas súas festas e as súas mansións. Pasaba o temo saíndo nas páxinas sociais dos xornais, hoxe cuns burgueses e mañá con outros. Nesas fotos víaselle ben ditoso ó lado das* ***fufurufas.*** *Iso era inmundicia de reunións, constantes.*

De niño era como tristito. Mi hermano siempre fue para sus adentros, de pensar mucho.

Monseñor Romero púñase nervioso cada vez que escoitaba a palabra Medellín, cidade colombiana onde nacera oficialmente, en 1968 e coa presidencia do papa Paulo VI, a teoloxía da liberación. Cóntanolo Juan Macho: *El vivía en pé de sospeita, non arrincaba. Dende un principio, cada vez que eu ou calquera lle mencionaba Medellín, o home púñase nervioso e de que xeito lle agarraba un tic. Empezáballe a treme-lo beizo aquí na comisura e vai de movérselle e movérselle e non o controlaba. Escoitar Medellín e comezarlle aquel tremelicar era unha soa cousa.*

Tan axiña como puido, liquidou ós xesuítas -seica roxos- do seminario de San Salvador sendo el bispo auxiliar. Daban unha educación moi seica horizontal e disque marxistizada.

O candidato era Arturo Rivera

Naquel ambiente en que as comunidades buligaban por se abrir, o único bispo válido era monseñor Arturo Rivera y Damas, que sucedeu a monseñor Romero tralo asasinato e que finou no pasado mes de novembro. Velaquí o seu xuízo:

Era bastante fuxidío. No seminario, onde viviu toda aquela etapa, eu coñecíalle tres lugares onde se escondía para traballar ou para que non puidesen encontralo. Máis dunha vez tocoume andar buscándoo. Romero era un temperamento solitario. A min mirábame con reservas, considerábame demasiado liberal. Cando se estaba preparando o Sínodo de bispos en Roma, en 1974, tivemos un choque. [...] Nos catro anos en que el e mais eu fomos auxiliares de monseñor Chávez, esta foi a nosa única discusión, a pesar de tódolos peros que el sentía ante min e que non disimulaba. A primeira e a única. E lembroa soamente para facer ver que el tiña daquela unha visión moi crítica deste servidor.

Estes son os méritos de Romero para chegar a arcebispo, contados por Francisco Estrada: *Dende fins do 76 sabiamos que Roma estaba en consulta buscando novo arcebispo, porque a Chávez lle tocaba renunciar por idade. O nuncio promoveu a candidatura de Romero e consultou ó goberno, ós militares, ós empresarios, ás damas da sociedade. preguntáronlles ós ricos e os ricos deron todo o apoio ó nomeamento de Romero. Sentín que era un "do seus".*

Magdalena Ochoa remacha: *A oligarquía avalara a súa candidatura, iso coñecíase nos nosos ambientes. E mesmo se falaba de que algúns viaxaron a Roma a xestiona-lo seu nomeamento.*

César Jerez informa que, dado o incremento da represión dos campesiños e de que principiaba a persecución contra da Igrexa, o vello arcebispo, monseñor Chávez, pediu que se acelerase a súa substitución: ⇨

lorecera o romeu...

Cando soubo que era monseñor Romero, Chávez desalentouse, Tivérao de auxiliar catro anos e coñecía as súas limitacións. "É curioso -díxome- que a Santa Sé non me fixese caso con monseñor Rivera, que sempre foi o meu candidato e sabíano. Corenta nos de arcebispo e non tiveron en conta a miña opinión..." Estaba doído. Talvez en Roma lle teméron a Rivera, porque aínda que non era moi liorteiro, sabía debater xuridicamente. "¡Este ***Chompipón*** *-así lle dicían a Rivera- é un comunista que só sabe poñernos en apuros!". Ese era o comentario da dereita e dos militares. Talvez en Roma dixeron: mellor Romero, que o podemos manexar".*

Lo buscaban principalmente los borrachitos. Con mi hermano Angelito lo comprobamos. "Vení, Angelito, sentate a la par mía y tócame la dulzaina". Y la música iba amansando a Angelito. Así que el padre Romero tuvo siempre mano para borrachos y desgraciados de la vida.

Unha forte reacción

Carmen Álvarez comenta: *Caeume o mundo enriba cando souben que Romero era o novo arcebispo. Fun á UCA [Universidade Centroamericana, do que era rector Ignacio Ellacuría] chorando amargamente. -"¡Eu non vou obedecer a unha Igrexa que teña semellante xefe! ¡Agora teremos que irnos ás catacumbas!"*

Máis pragmático e retranqueiro resultou Plinio Argueta, que nos expón este diálogo: *-¡¿E como Deus non nos librou deste home?! -Non metas ó pobre Deus nos enredos do Vaticano... Só que como Romero é tan delicado de saúde, non resista o traballo de temonea-la Igrexa e...¡E vaia de viaxe!*

Claro que Óscar Romero xa levaba catro anos de bispo de Santiago de María (1974-1977) sacudido pola realidade e algo agromaba no horizonte. Sirvan dúas anécdotas coma síntoma: estando nunha aldea campesiña celebrando misa dominical, un campesiño, Juan Chicas, pediu a palabra e, trala súa explicación da multiplicación dos pans e dos peixes, monseñor Romero recrimonouno. O campesiño seguiu adiante. ¿Que pasou?

A reacción de Monseñor cóntanola Juan Macho: *Monseñor mirouno fixo e ficou calado. Seguiron outros comentarios. Ó final tocáballe a el pecha-la liturxia da palabra; "Eu traía preparada unha longa homilía para esta ocasión -dixo-, pero xa non. Despois de escoita-los a vostedes, só me sae repetir aquilo que dixo Xesús: 'Gracias, Pai, porque reveláche-la verdade ós sinxelos e ocultáchesllela ós entendidos". Regresamos a Jiquilisco. "Fíxese, padre, que eu tiña as miñas reservas con estes campesiños -dime ó se despedir-, pero vexo que eles comentan mellor ca nosoutros a Palabra de deus. Atínanlle".*

A outra anécdota é tamén sintomática do que había de ser un Óscar Romero convertido e cóntanola o padre pasionista Juan Macho: *El dubidou ata o final. Había un sacerdote moi moi tradicional no que confiaba extremadamente. Traballaba nunha parroquia veciña á nosa en Jiquilisco.*

Este home saía en tódolos seus sermóns con que nosoutros non eramos pasionistas senón comunistas. Esa era a súa idea fixa. Un día eu estaba a penas erguido, nin me bañara aínda, e chega aquel cura co seu xeito de intriga:

-"Que manda a dicir monseñor Romero que dunha vez suspenda as clases que dá o padre David en Los Naranjos, porque todos din que xa se declarou comunista" [...] -¡Pois vas e dislle a monseñor Romero que eu me declaro xordo e que mo veña a dicir el e que endexamais me mande unha razón contigo! ¡Lerchán! ¡Non quero que meta-lo teu nariz en cousas tan delicadas!".

Non tan fero como o pintan

Chega o bispo da diócese de Santiago de María, Óscar Arnulfo Romero, e o padre Juan Macho espétalle: *Monseñor, vostede sabe que o padre acusa publicamente a David de comunista no púlpito e con isto expono ¡mesmo a que o maten! ¿Como lle encomenda vostede ese recado a el precisamente? ¿É que vostede é da mesma opinión? ¡Porque iso é o que dá a entender ese* ***chichimeco****!*

Todos los Romero somos zamarros, solía decir él. Y es que cuando estaba convencido de una cosa era necio, terco terco. Como un tractor.

-"Dispénseme, padre, non caín na conta..." E Juan Macho, pasionista, ó ataque: *"¡E que quede claro que se vostede ten calquera problema, chámame directamente a min, non importa a hora! ¿para que, se non, me nomeou o seu vicario, logo?".*

-"Dispénseme, padre, non me dei de conta..." E Juan Macho aproveita o tanto: *"Mire, monseñor, eu querería que vostede se convencese de que defectos temos a moreas, pero o que queremos tamén a moreas é axudalo a levantar este pobo e esta Igrexa...*

-¡Descúlpeme, padre...". Só iso repetía. *-"Non, se non estamos falando do contratempo con ese cura chambroso, iso xa pasou. Pero que sirva para que entenda que queremos traballar á par de vostede, dicíndono-las cousas de fronte. ¿Estamos equivocados? Díganolo de fronte. E déixenos dicirlle de fronte se é vostede o que se equivoca..."*

Sentiuse tan confundido... que se axeonllou diante miña. E cando eu o vin así, feito nada, erguino do chan e abraceino. *-"Non, monseñor, non é iso, só acéptenos..."* E cando viu que eu choraba, tamén el chorou. Despois rompeu o abrazo e miroume de fronte. *-"Agora enténdoos".*

Pero aínda faltaban dous bautizos: o de sangue do seu amigo Rutilio Grande e o bautismo de pobo que lle deu a xente. Verémolo na próxima aventura.

O CARRABOUXO por XOSÉ LOIS



As mulleres de Alxeria

Máis de 200 mulleres morreron, nun período de tempo curto, víctimas da violencia sobre todo por parte dos fundamentalistas alxerianos. Esta angustia ten desgraciadamente unha duración de varios séculos de opresión en todo o que se refire ó protagonismo social da muller musulmana, que aínda nos tempos actuais sofre discriminación e os efectos dunha feroz intolerancia.

A marxinación social

A muller alxeriana é víctima desde o seu nacemento, que aparece coma unha decepción para a familia, que esperaba sobre todo un varón. A submisión caracteriza toda a súa vida; mesmo o seu matrimonio é pactado polos seus familiares a cambio de diñeiro en metálico e en especie. Esa submisión lévaa a coidar un marido, a quen probablemente non ama, a causa dese matrimonio amañado.

Todo isto lle pode ocorrer mesmo a unha muller que tivo a oportunidade de acceder ós estudios universitarios. Máis as desgracias aínda non rematan aquí. Vive nunha sociedade conservadora na que se ve obrigada socialmente a cubrirse cunha saia longa e a esconde-los seus cabelos e a súa faciana cun pano, para compracer a esa sociedade na que en certa maneira está obrigada a vivir e tamén para sobrevivir ás represalias do Grupo Islámico Armado (GLIA), que ameaza con asasinar a tódalas mulleres que vistan traxes occidentais e leven a cabeza descuberta.

Moitas mozas alxerianas resístense a vesti-lo veo e iso chégalles a custa-la morte. Os integristas non toleran que as mulleres se sintan libres, que sexan críticas e mesmo que sexan cultas. Varias profesoras foron tamén asasinadas.... A poboación de analfabetos está formada nun 70% polas mulleres....

Os fundamentalismos e os integrismos

Tal como recoñece o escritor e novelista Marroquino Tahar Ben Jelloun, o islam sempre tivo varias correntes, pero ningunha lle fixo máis dano cá chamada integrismo.

Os valores culturais musulmáns poden axudar a consolidar unha identidade maltratada pola historia, que atopa difícil modernizarse. Todo depende da análise e da interpretación que se lles dea a eses valores, tanto tempo ignorados e descoidados.

Velaí a razón pola que hoxe unha parte da mocidade se identifica con estes valores e se aferra a eles. Desgraciadamente, as motivacións do movemento islamista son máis políticas ca relixiosas.

Os **fundamentalismos** e os **integrismos** ofrecen unhas características comúns:

* Considerarse depositarios da verdade exclusiva.
* Actitude intolerante cara a calquera punto de vista ou posición distinta da propia.
* Disposición a exerce-la violencia contra aqueles considerados coma inimigos e que defenden posicións distintas.
* Ideoloxías e crenzas pechadas que hai que aceptar íntegra, absoluta e acriticamente.
* Actitudes misóxinas e discriminatorias cara á muller.
* Desprezo doutras culturas e pobos distintos do propio.
* Concepción dualista do mundo: dunha banda, un **nós** perfecto, e doutra un **eles** indignos, descarreirados e, por tanto, perseguibles.
* Supremacía da comunidade elixida sobre o individuo. Non resulta posible, por tanto, dispor de señas de identidade, se non se renuncia á individualidade.

Fronte a este totalitarismo e senrazón só queda a esperanza do triunfo da intelixencia e o adianto das ideas de progreso e liberdade. Debemos defende-lo valor da tolerancia, o entendemento e cooperación... Educar é liberar, é abri-la porta da paz, da igualdade e da xustiza. Debemos buscar, en definitiva, mulleres e homes ben informados e con capacidade de decidir nun marco de tolerancia, sendo totalmente conscientes dos dereitos das persoas e do respecto á súa dignidade.

Moisés Lozano Paz

A guerra da auga (I)

Introducción

"A guerra da auga rematou en derrota para Castilla-La Mancha", titulaba o xornal El País un artigo do pasado mes de Santiago. O goberno acababa de toma-la decisión de trasvasar 55 millóns de metros cúbicos dende o Texo ata a conca do Segura.

Tal situación bélica non é máis có comezo dunha confrontación que, cada vez con máis virulencia e frecuencia, se irá producindo entre comunidades con auga e comunidades sen auga.

Dende esta columna levamos tempo comentando moitos aspectos relacionados coa auga e subliñando un fundamental: a auga é un ben moi escaso. Se se me permite, tentarei reflexionar sobre moitas das inexactitudes que, na miña opinión, dixeron os políticos nesta guerra da auga.

A auga non é de todos...

Ó longo da guerra unha proclama destaca: ¡A auga é de todos!. Os políticos máis ricos, os que dominan os chamados medios de comunicación social, encargáronse de espallar esta idea ós catro ventos.



Admitir esa idea sería seguir asumindo que a auga é un ben de uso, pero o capitalismo leva amosado que non é así, que se trata dun ben de consumo.

As augas dos mares, o petróleo, as minas, etc., non son de todos. En tempos poida que fosen de todos, pero dende que se lles atopou utilidade, pasaron de ser bens de uso a se converter en bens de consumo.

Quen dispón de petróleo contrólao e o véndeo; quen ten unha ampla plataforma continental rica en peixe, prohibe a explotación ós outros países. ¿Como, pois, é posible que hoxe se diga que algo que pode servir é de todos?

... é de quen a ten

Se o mundo non fose capitalista, sería correcto dicir que todo canto hai no mundo é de todos, dado que todos somos cidadáns do mundo. Desgraciadamente o egoísmo dos poderosos, a rapina dos ricos vai na dirección de apropiarse de todos cantos bens hai na terra.

Malfadadamente a auga non é de todos. Hai moitos pobos que non teñen auga; hai outros que a teñen, pero estana estragando; hai outros que a teñen pero que non llela permiten usar; finalmente, estamos os que temos moita auga, tanta que deixamos que o 90% se nos vaia directamente ó mar.

¡Ollo pois coa falacia! A auga é de quen a ten. Non é de todos. Outra cousa é o comportamento solidario que todos debemos ter co uso da auga, mais desto falaremos nos próximos artigos.

Manolo R. Bermejo

Amarga despedida de Samuel (1 Sam 12)

Ben sabemos que hai dúas valoracións distintas sobre a monarquía en Israel. A escola deuteronomista, da que procede a tradición e mailo documento chamado D, establece unha corrente de refugo da monarquía, que considera coma unha perversión polo feito de que o único rei de Israel debería ser Iavé. Este capítulo 12 pertence a esta visión pesimista.(1)

Un victorioso rei poñendo o pé sobre as costas e o pescozo do vencido.

[1]Samuel faloulle a todo Israel: "Xa vedes que vos atendín en todo o que me pedistes. Deivos un rei que vos goberne. [2]Agora aí téde-lo rei para que vos guíe. Eu vou vello, encanecido, e os meus fillos están convosco. Eu andei diante de vós desde a miña mocidade ata agora". (2)

Velaquí un exemplo de honestidade política de moita actualidade:

[3]"Aquí me tedes. Testemuñade contra min na presencia do Señor e na do seu unxido. ¿A quen lle quitei un boi? ¿A quen un burro? ¿A quen asoballei? ¿A quen causei prexuízo? ¿De quen aceptei un agasallo que me fixese pecha-los ollos ante a súa conducta? Falade e devolveréivolo". [4]Responderon eles: "Non nos asoballaches, non nos prexudicaches, non lles quitaches a ninguén cousa ningunha".

Samuel ponnos coma testemuña perante Iavé e logo lémbralle-la historia de liberación de Exipto:

[...] [7]Agora comparecede, que quero eu pedirvos contas diante do Señor dos favores que El vos fixo, a vós e a vosos pais. [8]Cando Xacob baixou a Exipto e os exipcios vos oprimiron, os vosos pais berraron cara ó Señor, e o Señor mandou a Moisés e a Aharón, que os sacaron de Exipto, para establecelos neste lugar. (3)

Tras de lles lembra-las fazañas de Iavé, agora indica o motivo do nacemento da monarquía:

[...] [12]"Mais cando vistes que Nahax, rei dos amonitas, viña contra vós, dixéstesme: 'Queremos ser gobernados por un rei', sendo que o voso rei é o Señor, voso Deus. [13]Agora aí téde-lo rei que vós pedistes e escollestes. Nel o Señor deuvos un rei"(4)

Tras dunha invitación ó respecto ou temor de Deus, Samuel establece a garantía da súa mensaxe mediante un prodixio, un sinal meteorolóxico nun tempo que non é de chuvia:

[...][16]"Agora dispóndevos a asistir ó gran milagre que o Señor vai facer diante de vós. [17]¿Non estamos no tempo da seitura? Pois vou invoca-lo Señor para que mande vir tronos e choiva. Con iso darédesvos conta da gran maldade que cometestes ós ollos do Señor pedíndolle un rei".

Choveu a Deus dar. Samuel remata en ton positivo:

[...] [20]Samuel díxolle ó pobo: "Non temades. cometestes esa maldade; pero agora non vos afastedes do Señor e servídeo con todo o corazón [...] [23]"En canto a min, líbreme Deus do pecado de deixar de pregar por vós e de amorsárvo-lo bo camiño".

1 A tradición deuteronomista afecta a estes libros: Deuteronomio, Xosué, Xuíces, Samuel e Reis. Constitúe unha obra histórica que reelabora o material anterior. Está escrita nos tempos do exilio babilónico e intenta explica-la desaparición da monarquía - tanto a do reino de Israel, no norte, coma o de Xudá, no sur-, coma un castigo por culpa da desobediencia do pobo. O desterro sería debido ó esquecemento da Lei de Moisés. Xa o capítulo 8 (1-22) e mailo 10 (17-27) eran críticos coa monarquía.

2 A referencia ós fillos de Samuel pode entenderse coma mostra do longo tempo que durou o servicio de Samuel ó pobo. Agora despídese como xuíz e profeta e pasa factura, insistindo nos propios méritos en comparanza coa infidelidade do pobo.

3 Este flash back ou historia retrospectiva ten sumo valor porque subliña que as cousas lle ían ben ó pobo cando Iavé era o seu rei. Foi a entrada na terra prometida e a contaminación cos reis cananeos e doutros pobos o que levou a Israel a unha imitación servil: a caer na servidumbre de teren un rei. O relato da liberación de Exipto é un motivo constante na Biblia.

4 Resulta sorprendente que aquí presente a petición dun rei coma resultado do medo do pobo ós amonitas, ó rei de Amón, cando anteriormente sempre se veu dicindo que fora o perigo dos filisteos o que forzara a Israel a estructurarse coma monarquía.

III Irimianza en Lugo

Co lema de "tolerancia e radicalidade" convocouse a III irimianza de Lugo, que xuntou a xente de tódalas idades no local que a parroquia de san Froilán amablemente nos cedeu. Comezou a reunión coa benvida de Valentín, que aproveitou para dar a coñece-lo que iamos falar de seguido. A presentación foi acompañada dunha lectura do Evanxeo, que correu a cargo de Julia, a muller de Valentín.

A continuación viñeron catro pequenas charlas que serviron para centra-lo tema; déronas Manuel Vila sobre o colectivo xitano, Pilar Álvarez sobre os inmigrantes, Antonio Nieto, sobre grupos radicais en Lugo, e finalmente Antón Negro sobre o xeito de levar este tema (a tolerancia) desde unha óptica cristiá.

Xitanos

Manuel Vila deunos a ve-lo racismo que áinda existe na nosa sociedade, que se non é maior, é por non haber un colectivo máis numeroso de xente doutras razas. Dentro destas, a xitana é a de maior presencia; carcterizada por ter unha diferente escala de valores e ademais non se dobregar de xeito doado a outras culturas. Mais hoxe este colectivo está sufrindo grandes cambios; a integración da que tanto se fala entre a súa sociedade e a nosa estase dando do peor modo posible, a base do narcotráfico e dos valores máis hedonistas da nosa sociedade, todos eles feitos posibles polo consumo.

Inmigrantes

A continuación falou Pilar Álvarez, traballadora da Cáritas, sobre a situación do inmigrante. ¿Quen non ten algún parente fóra de Galicia? Pois a pesar diso, todos son atrancos ó que vén de fóra, coma se esta non puidese se-la súa terra; crémonos propietarios absolutos dela e impedímoslles levar a cabo unha vida minimamente decente, explotándoos no seu traballo e non deixándoos acceder á nacionalidade mediante medios burocráticos.

Racismo

Despois falou Antonio Nieto, inspector de policía local de Lugo, verbo da violencia na cidade, e cómo esta empeza a ser producida por grupos de estudiantes ós que se lles presupón unha maior cultura e benestar económico. Xunto a eles falou tamén de *Bases Autónomas*, grupo racista que comeza a deixarse ver, anque sexa de reducido número. ¿que intereses guían hoxe ó emerxente racismo xuvenil?

A praxe critiá

Rematou Antón Negro facendo unha introducción ó que debe guia-la praxe dun cristián: construí-lo Reino. Así temos catro eidos que se entrelazan e complementan: a persoa, a Sagrada Escritura, a Igrexa (pobo de Deus), e a historia. Sen a fusión destes elementos a vida dun cristián irá coxa e posiblemente trabucada.

Será a nosa conciencia a chave que irá abrindo a porta.

O diálogo

Logo desta última intervención abriuse un diálogo que se centrou practicamente na problemática xitana, na relación co sistema educativo e o profesorado e na do resto da sociedade: valores, familia, cultura,... ¿Que integración queremos e que é integrar?; estas foron as preguntas que sempre aparecían de fondo no debate.

Constatamos que unha sociedade na que se camiña cara a maior concentración da riqueza e a maiores desigualdades económicas, dificilmente será xusta e se vertebrará.

Rematou así o encontro logo da xa habitual animación cun pequeno agaperio. Xosé Manuel Carballo agasallounos coa súa maxia e a humanidade da súa palabra.

Pedro F. Pedrouzo Debesa

¿Por que unha festa do Vento?

Xa témo-la Festa do Lume, o sábado máis próximo ó 2 de febreiro, día da Candeloria. Agora a Asociación Irimia convócanos a ter, no sábado seguinte ó día de Pentecoste, a Festa do Vento, que este ano se ha celebrar no colexio das Filipenses de Vilagarcía de Arousa, o 10 de xuño dende as 10 da mañá ata as 6 da tarde. ¿A que vén esta nova festa?

Mil anos de esquecemento

Acuda o irimego a calquera congreso de teoloxía e observará algo desconcertante, pero que xa non desconcerta, polo peso do costume. Falarase de Deus Pai, botaranse discursos sobre Xesús Cristo pero, sobre da terceira Persoa da Trindade sairemos coa

"A novidade está no que aporta a resurrección de Cristo. É o misterio pascual, que non se explica polo pasado, senón polo futuro [...] É a acción do Espírito Santo a que fai entrar esta novidade no mundo".

(Monseñor Hazim bispo ortodoxo)

impresión que tivo san Paulo cando lle dixeron os cristiáns de Éfeso: *Nin sequera sentimos dicir que haxa un Espírito Santo. (Feit 19,2).*

O divino Descoñecido, como lle chama algún teólogo, polo menos na Igrexa latina. A Igrexa ortodoxa oriental acúsanos de *cristonomismo*; é dicir, de centrarnos en Cristo pero prescindindo do desenvolvemento histórico que se dá pola forza do Espírito, que Xesús prometeu para chegarmos á verdade plena (Xn 16, 12-15).

"Sen o Espírito, Deus fica lonxe, Cristo queda no pasado, o Evanxeo é letra morta, a Igrexa é unha simple organización, unha dominación a autoridade, unha propaganda a misión, unha evocación máxica o culto e unha moral de escravos a angueira cristiá"

(Monseñor Hazim, bispo ortodoxo)

¿Consecuencias?

O esquecemento e mailo cristonomismo, como di o padre Congar, "permitiron ou produciron a instauración dun tipo patriarcal e un dominio do varón". Ata tal punto é certo que o famoso teólogo Karl Adam chega a dicir: "O dogma católico descansa sobre esta augusta trindade: Deus-Cristo-*Igrexa*".



Plano para chegar ó Colexio de Vista Alegre, Relixiosas Filipenses, Vilagarcia de Arousa. Pódese aparcar no xardín do Colexio.

Barbaridade suprema que levou a que a Igrexa, suprimido o Espírito, chegase a se confundir co reino de Deus. E, falta de oído atento ó Espírito, viviu ancorada no pasado cunha estructura xurídica, pouco carismática, e escasamente profética, porque esqueceu confesar isto: *Creo no Espírito Santo, Señor e dador de vida...que falou polos profetas.*

Novas fronteiras

Hoxe andamos dicindo que Deus Pai tamén é Nai e buscamos textos bíblicos de consolación, esquecendo a forza maternal do Espírito -Ruah, vento en hebreo, palabra feminina-, sen audacia para tira-las consecuencias desta Maternidade.

As novas fronteiras da fe márcana algúns sinais dos tempos: ¿que tipo de feminismo cristián pode haber se non se supera o patriarcalismo e se non entramos na órbita da matriarcalidade do Espírito? ¿Como podemos afrontalo desafío ecoloxista sen botar man do rico misterio da nova creación, obra ela do Espírito? ¿Como podemos avanzar en temas que veñen de vello arrastrando unha incomprensión -pensemos en certas cuestións morais-, se o dogma xa está fixado e moitos pensaron que o Paráclito estaba paralítico, a Pomba nunha gaiola?

Estas e outras máis cousas lévannos a argallar esta Festa do Vento que se ha desenvolver conforme a este programa:

SÁBADO 10 DE XUÑO

Relixiosas Filipenses. Vilagarcía de Arousa
Acollida ás 10 da mañá.
Exposición do tema (Xosé Chao Rego) e coloquio, ás 10,30.
Celebración eucarística ás 13 horas.
Xantar común, cadaquén coa súa comida a compartir, ás 14 horas.
Tralo xantar, xogos cooperativos.
ADVERTENCIA: Os automóbiles poden entrar no patio de Colexio chamado de Vista Alegre.

Xesús Ferro Ruibal

A carabina de Ambrosio

Antes de empezar a falar dos ditos do lume, e tal como prometera, vou responder á lectora que me preguntou de onde vén o dito **a carabina de Ambrosio**.

A carabina de Ambrosio é sinónimo de todo aquilo que é inútil, que non resolve o problema que temos entre mans e mesmo é sinónimo de fracaso. **Se-la carabina de Ambrosio** é, polo tanto, non servir para nada.

O estudioso Luis Montoto y Rautenstrauch, sevillano a pesar do segundo apelido, di que o tal Ambrosio era un que tiña unha carabina chea de cañamóns pero sen pólvora; e que por iso a súa carabina pasou a ser sinónimo de todo o que non vale para resolver problema ningún. Os andaluces din que era un labrego andaluz que, como o campo non lle daba para vivir, meteuse a atracador cunha carabina sen pólvora, polo que todos facían a risa del e el volveu á aldea maldicindo a carabina que non lle servía para nada.

O caso é que a expresión tamén a hai en galego e que, para máis, en Arcade (Soutomaior) houbo no Museo de Solla (que mercou e levou un catalán) unha carabina que Solla comprara con garantía de que era a **tal carabina de Abrosio**. E, para acabalo de complicar, alguén modificou con éxito o dito desta maneira: **¡a carabina de Ambrosio pinchada nun pau!**, onde parece que xa temos que pensar que a tal **carabina** debe ser cousa distinta dunha escopeta.

Chámame a atención que exista unha expresión sinónima: **¡Iso é a caraba!** ¿Que é a **caraba**? Teño oído contar que a enigmática **caraba** era unha vaca vella e enferma que o seu dono, non podendo sacar proveito dela nin vendela, decidiu convertela en atracción de feira. E ensinábaa dentro dun tolde invitando por uns cartiños á xente: **¡pasen, señores a ve-la caraba!** A xente, picada da curiosidade entraba e atopaba unha vaca que daba lástima. E, antes de que reclamasen por estafa, el explicáballes que esa vaca é que **que araba** cando tiña saúde, que agora non a ten e non pode arar. ¿Terá que ver **caraba** con **carabina**? Non o sei. ¡Quen sabe!

Álvarez del Manzano, candidato del PP a la alcaldía de Madrid, bebe «agua milagrosa» junto a Rouco Varela.
(La Voz de Galicia)

O CANTAR DO IRIMEGO

1. ¡Ai Lola, Lolita, Lola!
o teu vivir foi fazaña,
pregoeira de ti mesma
fúche-la Lola de España.

2. Non eras muller profunda,
sempre viviches na tona,
superficial e folclórica,
chegaches a Faraona.

3. Cantaora e bailaora
barulleira en desmesura
á sepultura chegaches
co mesmo xenio e figura.

4. Comportamento arroutado
fantasía desmedida,
se che faltou sobriedade
é que che sobraba vida.

5. O cancro foite roendo
e o corpo caeu gastado
ós setenta e tantos anos:
¡Que che quiten o bailado!

6. A humana magnitude
da túa figura mítica
por un día eclipsou
tanta mentira política.

7. Eses tratantes de votos
tiveron ben pouca sorte:
afogaron os discursos
as novas da túa morte.

8. ¿Cal era o teu segredo?
Que ti saíches da nada
e medraches; te-lo amor
da xentiña marxinada.

9. E nun país de flamenco
o teu apelido Flores
deixa lembranzas máis ledas
có teu nome de Dolores.

10. O túa vida foi colmada
co teu éxito rotundo:
ti, veciña de Xerez
coñecida en todo o mundo.

11. O recordo do escenario
tráenos pícaro sorriso
desas túas paroladas
con máis énfase ca siso.

12. Nun frío mencer de maio
abandonáche-la escena
e media España chorando
-¡ai, pena, penita, pena!

13. Moitos homes e mulleres
pasaron a noite en vela:
viven coma propio o triunfo
dunha persoa sinxela.

14. No ceo seica tiveron
que facer algúns arranxos
pra entoares *cante jondo*
no mesmo coro dos anxos.